



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2025/E001/000002. Proceso de selección para a contratación de persoal dun/ha técnico/a informador/a turístico/a.

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DUN/HA TÉCNICO/A INFORMADOR/A TURÍSTICO/A.

Constitúese o tribunal de selección, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 127/2025 de 24 de abril de 2025 para proceder á realización do proceso de selección dun/ha técnico/a informador/a turístico/a, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 87/2025 de 25 de marzo de 2025.

Lugar: Casa da Cultura do Concello de Touro

Día: 13 de maio de 2025

Hora de comezo: 10:00 horas

Hora de remate: 13.15 horas

Asistentes:

- Presidenta: Maite Loureiro Ventureira, xefa da sección de desenvolvemento e promoción turística da Deputación da Coruña.

- Vogal 1ª: Paula Cabado Brea, técnica de proxectos da sección de desenvolvemento e promoción turística da Deputación da Coruña.

- Vogal 3ª: María Paz Gutiérrez Abella, funcionaria Traballadora Social do Concello de Touro.

- Secretario: José López González, secretario-interventor do Concello de Touro

Reúnese o Tribunal de selección co obxecto de realizar a fase de oposición de conformidade co establecido na Base 10.1 (BOP 61 DE 31.03.2025) o tribunal optou pola:

Proba práctica: formulada polo Tribunal inmediatamente antes do seu comezo e baseado co posto de traballo e co temario que consta no Anexo I. Faríase nun ordenador, con máximo de páxinas, tipo e tamaño de letra determinados

O contido da citada proba é o seguinte:

Como persoal encargado de proporcionar información turística, debe organizar unha visita turística dunha familia que se achega á oficina de turismo de Touro. A familia está formada por 4 persoas, dous adultos e dous nenos de idades comprendidas entre os 7 e os 11 anos.

Queren planificar a visita para pasar unha semana de agosto no concello de Touro e solicitan a seguinte información:

- información sobre posibles aloxamentos
- roteiros de sendeirismo no concello de Touro
- patrimonio natural e cultural do xeodestino Ulla-Tambre-Mandao
- gastronomía típica do xeodestino

Instrucións:

- O tempo para a realización do exercizo é dunha hora.
- O tipo de letra será ARIAL tamaño 11 e o número máximo de follas do documento será de 4 PÁXINAS.
- Valorarase neste exercizo o coñecemento da normativa, dos recursos turísticos así como a claridade e orde das ideas e a facilidade de exposición.

Procedeuse ao chamamento das persoas que constan na lista de admitidos:

Apelidos e nome	DNI	OBSERVACIÓNS
Lampón Lampón Ramona	***3524**	NON COMPARECE
López Montoya Juan	***5779**	NON COMPARECE
López Oteyza Gens Cibrao	***1893**	NON COMPARECE
Méndez Cores Eva	***5855**	COMPARECE
Rodríguez Rodríguez Ana	***7554**	COMPARECE
Suárez Pazos Javier	***1037**	COMPARECE
Varela Montes Ana María	***7205**	COMPARECE
Villanueva Rivas Santiago	***1947**	NON COMPARECE

Para garantir o anonimato, no exercicio non constará ningún dato do que se poida desprender a identidade da persoa aspirante., polo que no intre da entrega do exercicio, facilitouselles ás persoas aspirantes un sobre no que introduciron o seu nome así como o pen drive onde debían gardar o seu exercicio en formato pdf indicando un código de 2 letras e dous números. Unha vez pechado dito sobre, foi identificado o referido código de 2 letras e dous números na súa parte exterior.

Posteriormente realízase polo tribunal de selección a correspondente corrección do exercicio conforme ao previsto nas bases de selección, e resolvendo por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións:

CÓDIGO DE CONTROL	PUNTUACIÓN
MV72	17/20
MO22	17/20
27WZ	5/20
JS16	11/20

Seguidamente procédese a apertura dos sobres, onde constan os códigos de control e datos de cada un das persoas aspirantes.

Ao abeiro do anterior as persoas aspirantes que teñen superado a fase de oposición (aquelas que obtiveron a lo menos unha cualificación de 10 puntos) son:

CODIGO DE CONTROL, NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
MO 22 - ANA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	17/20
MV72 - ANA MARÍA VARELA MONTES	17/20
JS16 - JAVIER SUÁREZ MONTES	11/20

A continuación o Tribunal de selección procedeu a valoración da fase de concurso das persoas aspirantes que superaron a fase de oposición de conformidade co establecido na Base 10.3

Apelidos e nome	Experiencia profesional	Formación	Idiomas	Outros méritos	TOTAL
Rodríguez Rodríguez Ana	0,95	0,25	0,40		1,60
Suárez Pazos Javier	1,00	1	0,95		2,95
Varela Montes Ana María	4	3	1	1	9





CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Resultado final suma fase concurso oposición:

Apelidos e nome	Fase oposición	Fase concurso	Idiomas
Rodríguez Rodríguez Ana	17	1,60	18,60
Suárez Pazos Javier	11	2,95	13,95
Varela Montes Ana María	17	9	26

De conformidade co establecido na Base 10.3; contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de dita baremación. Á vista das reclamacións presentadas, e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación da baremación definitiva da fase de concurso.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase a sesión ás 13.15 horas do día indicado de todo o cal se dá fe, asinando os membros do Tribunal.

A Presidenta

Maite Loureiro Ventureira

1ª Vogal

Paula Cabado Brea

3ª Vogal

Paz Gutiérrez Abella

O Secretario

José López González